

## O nome dun continente: América



Mapa de Martín Waldseemüller

O destino, ou unha fatalidade, quixo que o nome de América fora co que se coñecera para sempre o Novo Continente descuberto por Colón.

No corazón da Lorena (Francia), e baixo a protección do seu duque Renato II, existía un mosteiro chamado Saint-Dié, onde os seus frades compartían o rezo e os cánticos sagrados coa afición de copistas e cartógrafos, transcribían con entusiasmo cantos papeis importantes caían nas súas mans.

Tiñan, ademais, unha pequena imprenta de onde saían cada

ano edicións de obras importantes. Á imprenta chegou un frade que era debuxante, cartógrafo e corrector de probas que se chamaba Martín Waldseemüller.

No ano de 1507 estaban preparando unha nova edición da *Xeografía* de Ptolomeo. Nisto chegou ás mans do duque un exemplar dunha carta de Americo cos relatos dos seus catro viaxes e un mapa no que estaban debuxadas as rexións recén descubertas por Americo, os portugueses e os españois. O duque entregou a carta ao mosteiro. O entusiasmo dos frades foi grande. Tanto que abandonaron a idea de imprimir o Ptolomeo para adicarse á edición deste texto. Waldseemüller encargárase de confeccionar o mapa do Novo Mundo. O equipo dispoñíase a preparar un libriño que ía representar unha nova xeografía e que ía anunciar ao mundo o un novo continente.

O 25 de abril de 1507 saía das prensas de Saint-Dié o ansiado libro. O libro compoñíase dun texto e unha especie de recortable, que, pegado sobre unha esfera, daría a exacta idea do globo terrestre. No último capítulo do libro aparece o texto que fixo famoso a América: «*Mais agora que esas partes do mundo foron extensamente examinadas e unha cuarta parte foi descuberta por Americus Vesputius, non vexo razón para que non a chamemos América, é dicir, a terra de Americus, por Americus o seu descubridor, home de sagaz inxenio, así como Europa e Asia recibiron xa os seus nomes de mulleres*». Ao marxe do texto púxose unha nota que dicía *América*.

O que entra polos ollos son, sen dúbida, os debuxos, os mapas, e por iso a divulgación do nome de América debeuse, máis que ao texto, ao mapa que debuxou Waldseemüller. Enfrontados aparecen os retratos de Ptolomeo e de Vespucci, fermosamente debuxados, colocados ao lado dos seus mundos: á dereita, xunto a Americo, o Novo Mundo e á esquerda, xunto a Ptolomeo, o Vello Mundo.

Moitos aceptaron de inmediato o nome dado por Waldseemüller ao Novo Continente; outros seguiron por un tempo chamándolle as Indias Occidentais.

En España, sen embargo, levantáronse ferozes críticas. O primeiro que alzou a súa pluma contra tamaño disparate foi o frade Bartolomé de las Casas. O frade non soportaba a idea de ver suplantado o nome do seu heroe polo de quen, para el, era un impostor.

De Americo sabemos o que el, nun alarde de inmodestia, nos conta. Os seus comentarios xeográficos son, a maioría, copias das teorías daquel momento. Desde o punto de vista social e económico, tampouco foi Americo un home destacado. Xa que viviu, en Sevilla, nunha casa cunha renda baixa.

Sen embargo, foi Americo Vespucci un home que carecía dos méritos de Colón, dos irmáns Pinzón ou de Juan de la Cosa, quen tivo a fortuna de dar o seu nome ao Novo Continente. *Consuelo Varela Bueno*

### COMPRESIÓN DO TEXTO

- 1.- A que se dedicaban os frades de Saint-Dié?
- 2.- Que era Martín Waldseemüller?
- 3.- Que estaban facendo no ano 1507?
- 4.- Por que se lle puxo o nome de América ao novo continente?
- 5.- Cal foi a reacción á publicación do novo libro?
- 6.- Que pensaba o frade Bartolomé de las Casas?
- 7.- Quen foi Americo Vespucci?
- 8.- Quen tiña méritos para dálle o seu nome ao novo continente?

